



a ARTE  
de ser MULLER  
nun MUNDO  
por COMPARTIR  
**5.0**

# Lugo

## CULTURAS en DIÁLOGO

MUSEOXÍA SOCIAL. DIÁLOGO INTERCULTURAL

# Arxentina



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO

TANGOLIBER

Tango Club Galicia



Asociación  
Rioplatenses

# Lugo

## CULTURAS en DIÁLOGO

MUSEOLOXÍA SOCIAL. DIÁLOGO INTERCULTURAL

# Arxentina

Coa mirada posta en Arxentina, e seguindo as liñas da Museoloxía social e do diálogo intercultural, a Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, Vicepresidencia primeira, a través da Rede Museística Provincial, e en colaboración coa Asociación Rioplatenses de Lugo e Tango Club Galicia, presentan o programa *Culturas en diálogo: Lugo-Arxentina*.

A elección de Arxentina ven marcada por ser un dos principais países de acollida dos homes e mulleres emigrantes galegos. E tamén porque gardou e propiciou a nosa cultura durante o exilio de intelectuais e artistas galegos como Maruja Mallo, Castelao, Luis Seoane, Lorenzo Varela, Rafael Dieste, Núñez Búa, Otero Espasandín, Laxeiro, entre outros. Foi tamén terra fértil para a creación dun tecido organizativo e creativo baseada no compromiso, a solidariedade e o valor da orixe. Produto diso son os centos de asociacións de emigrantes, así como as editoriais, xornais, revistas, programas de radio e un variado abano de iniciativas culturais que durante anos foron o garante na defensa e promoción da nosa identidade cultural galega.

Igualmente, xa que o Consulado de Arxentina tivera sede en Lugo ata 1952, queremos coñecer o colectivo de arxentinos que viven en Lugo aos que, como parte da nosa sociedade, queremos dar voz para fomentar un intercambio de culturas e visibilizar outras realidades que forman parte da nosa comunidade.

A muller emigrante terá un papel sobresaínte nesta programación, especialmente na proposta *Mulleres de Aquí e Dacolá* que reúne as coordenadas do programa: Muller/Emigración/Galiza/Arxentina.

E de fondo o Tango, declarado Patrimonio cultural inmaterial da Humanidade pola UNESCO en 2009, que consegue falarnos, con beleza e emoción, de xénero e de emigración. E para iso contamos cun evento único en Galicia o *V Encontro de Internacional Tango Líber*.

O programa ten un carácter internacional e aberto, polo que todas as actividades serán un acceso web utilizando activamente as redes sociais como medio de participación e nalgúns casos poderán seguirse os eventos en *streaming*.

Queremos transmitir o noso máis sincero agradecemento a todas aquelas persoas e entidades que contribuíron desinteresadamente á realización deste programa.

# Actividades

---

---

## **Mulleres de Aquí e Dacolá**

Mulleres luguesas que viaxaron a Arxentina e quedaron ou retornaron. Mulleres arxentinas que viaxaron a Lugo e quedaron aquí, ou volveron. Se ti es, ou coñeces, algunha de estas mulleres queremos coñecer a súa historia. Crearemos un mapa cos voso relatos, que será coma unha ponte entre Lugo e Arxentina. E se podes deixarnos algunha foto ou amosarnos algún obxecto que nos fale desa viaxe, formará parte dunha exposición de testemuñas a través das redes sociais sobre a vosa experiencia na emigración quedando rexistrada nun documental realizado por Xosé Reigosa e a Asociación Rioplatenses. Participación aberta a partir do 4 de marzo de 2014 a través dos Museos da Rede, Facebook e no blog de didáctica da Rede Museística Provincial.  
<http://www.didacticaredemuseistica.org/>

Coord.: Asoc. Rioplatenses de Emigrantes y retornados de Lugo y Pilar Sánchez.

Audiovisual: Xosé Reigosa.

## **Convocatoria para Centros Escolares. CONCURSO: MULLERES A 2 BANDAS: LUGO - ARXENTINA.**

Dirixido aos escolares de 5º e 6º de primaria e para os catro cursos da ESO. Trátase de realizar unha pequena banda deseñada na que se ilustre algún momento relacionado cos procesos migratorios dende unha perspectiva de xénero, fomentando actitudes de respecto e promovendo o diálogo intercultural. Para o proxecto elaborouse unha unidade didáctica, que se lles facilitará aos centros educativos no blog de didáctica da Rede, có fin de traballar na aula os contidos. Realizarase unha exposición dos traballos presentados a concurso e unha entrega de premios para os mellores traballos.

As bases poderanse consultar no blog de didáctica da Rede Museística Provincial.  
<http://www.didacticaredemuseistica.org/>

Prazo de entrega a partir do 4 de marzo ata o 6 de maio.

Exposición das bandas seleccionadas: do 16 de maio ata 21 de xullo.

Coord.: Tamara Bermúdez.

---

---

## **Concurso ABERTO Patrimonios. A Muralla e o Tango**

Concurso de libre participación e multidisciplinar (fotografía, pintura, escultura) que ten por obxectivo irmandar os dous patrimonios declarados da Humanidade pola UNESCO, o Tango e a Muralla de Lugo. O prazo de presentación nas distintas sedes da Rede Museística Provincial de Lugo vai dende o 5 de marzo de 2014 ata o 31 de maio do presente ano. As bases poderanse consultar no blog de didáctica da Rede Museística Provincial. <http://www.didacticaredemuseistica.org/>

Coord.: Tango Club Galicia

## **Obradoiros Muller de Aquí e Dacolá**

Paralelo ao proxecto Mulleres de Aquí e Dacolá, queremos desenvolver unha serie de obradoiros que terán como obxecto, por unha banda, a sensibilización sobre o fenómeno Muller/Emigración/Arxentina, e por outra centrar o foco de atención nas e nos artistas e a arte. Desta maneira, dirixido a nenos de 4 a 9, ou a mozos de 16 a 25 anos e tamén para público adulto, ofreceranse obradoiros de novas tecnoloxías e creatividade co obxecto de establecer lazos culturais entre un lado e outro do océano.

Coord.: Tamara Bermúdez

## **V Encontro Internacional Tango Líber de Galicia**

Desenvolverase durante os meses de abril e xullo, principalmente, e albergará todo tipo de actividades e para todo tipo de público: obradoiros de iniciación ao baile, milongas, concurso exposición, audiovisuais para ofrecer un panorama multidisciplinar da cultura do Tango. Aquí daranse cita bailaríns profesionais vindas de todas partes situando á cidade de Lugo como epicentro dun evento único en Galicia e de proxección internacional.

Os obxectivos do V Encontro Internacional Tango Líber están na vía de unir un pasado compartido en tema de emigración bidireccional a través da cultura deste xénero, así como achegar a cultura e o patrimonio cultural da poboación propiciando un ambiente idóneo para a participación cidadá.

Coord.: Tango Club Galicia

## ***Mateadas***

Que é o mate? Non é só unha bebida, é un momento de encontro, é unha benvinda, un símbolo de hospitalidade e de amizade.

No marco das sesións Sabores na cociña do Club Senior da Rede museística provincial e aberto ao público en xeral, a Asoc. Rioplatenses en Lugo quere achegarnos os cheiros e historias que se desenvolven ao redor desta herba saudable e arquetípica da cultura arxentina. Aprenderemos como se prepara, que útiles son necesarios e o rito de tomar uns mates.

Coord.: Asoc. de Rioplatenses de Lugo

---

---

---

## **Non son d'acó, por Do Miolo & Cía**

### **Teatro**

Museo Provincial de Lugo

8 de marzo de 2014, 17:00 h.

*En San Fins de Cumundo está a Pena da Moura, desolada terra onde só medra a herba da fame ao abeiro dunha pedra chantada con aires de an tena cósmica. Este lugar telúrico vén ser a herdanza de Lola, que leva vinte anos en Bos Aires levando, morriñenta, o quiosco que montaran os seus defuntos pais, á porta do estadio de Boca Juniors, e tocando o contrabaixo nun grupo de Tango, «Los Tangura», formado xunto aos seus amigos Cacho, Facundo e Marcella. Coa escusa de amañar os papeis da súa herdanza, Lola convence os seus amigos para vir a Galiza a gravar un disco. Son recibidos por Julita, curmá de Lola e actual parella do home que, vinte anos atrás, lle xurou amor a Lola; o mesmo home ao que Lola leva escribindo acendidas cartas desde que marchara. A crueza do recibimento, por parte de Julita, as peripecias que lles acon tecen por mor do interese que ela ten por marcharen canto antes, as di ferentes expectativas de cada unha das personaxes e a tensión que isto provoca, entre os catro amigos, converte a súa amizade e, a eles mesmos, en personaxes dun tango..., talvez aquel que foi un dos seus primeiros éxitos nos anos 90... Chove que arroia en Santaballa.*

Todos os seus membros teñen unha longa traxectoria, sendo moitos deles fundadores de grupos como: Hipócrita Teatro, Trola, Gula Gula ou Caleac.

Como particularidade Do Miolo & Cía, mantén un convenio de colaboración, formación, equipamento técnico, etc. coa compañía Teatro Do Miolo Producións.

O ano pasado, a compañía foi convidada a inaugurar os festivais Teatrosfilia, en Vedra, e a Mostra de Teatro Amador do Concello de Sada. Neste último, unha das súas compoñentes, Iria Acevedo, recibiu o premio á Mellor Actriz polo seu papel na montaxe *BarVarela, almorzos e cubatas*, montaxe que se representou no programa Buxiganga 2012.

Os membros do grupo participan activamente en diversas actividades de formación, co fin de non deixar nunca de medrar e de explorar novos camiños.

---



---

---

## **Borges arxentino, universal e amigo de Galicia por Claudio Rodríguez Fer**

### **Conferencia**

Museo Provincial de Lugo

21 de maio de 2014, 20:00 h

*Visión tridimensional de Borges como arxentino interesado polas peculiaridades do seu país (gauchismo, tango, milonga), aberto á universalidade cósmica (multiculturalismo, multilingüismo, federalismo) e interesado pola cultura galega (Cancioneiros medievais, Rosalía, amigos galegos).*

Claudio Rodríguez Fer. Profundo coñecedor da obra de Jose Luís Borges, froito dun intenso traballo sobre o creador do *Aleph* son os libros e artigos que ten publicados con grande difusión nos medios (*Borges dende o labirinto galego, Borges y todo, Borges: escepticismo y fantasía*).

Sendo moi novo foi profesor agregado de Lingua e Literatura Españolas de ensino medio por oposición libre en Salamanca e catedrático das mesmas materias por oposición libre en Madrid. Logo opositou á titularidade universitaria. Profesor das Universidades da Cidade de Nova York, da Alta Bretaña en Rennes e de Santiago de Compostela, onde actualmente é director da revista *Moenia* e da Cátedra Valente de Poesía e Estética. Fundou a colección *Clásicos Galegos* e coordina, con Carmen Branco, a revista libertaria e multicultural *Unión Libre. Cadernos de vida e*

*culturas*. Dirixiu o Encontro Internacional sobre José Ángel Valente de 1993 e actuou como padriño no seu doutorado Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, dirixiu diversos congresos e encontros e participou en numerosas actas, enciclopedias e revistas europeas e americanas.

A súa obra foi estudada por numerosos especialistas galegos e non galegos, como Kathleen N. March, Xosé Luís Axeitos, Claude Henri Poullain e Milagros Polo. Sobre el, Olga Novo editou os libros *Por un vocabulario galego do sexo. A terminoloxía erótica de Claudio Rodríguez Fer* (Positivas, 1996) e *O lume vital* de Claudio Rodríguez Fer (Follas Novas, 1998) e Natalia Regueiro *Os mundos de Claudio Rodríguez Fer* (do Castro, 1998). Textos seus están traducidos ao castelán, inglés, francés, italiano, alemán, ruso, catalán e bretón. Promoveu a Asociación para a Dignificación das Vítimas do Fascismo.

En 2012 foi nomeado Doutor Honoris Causa pola Universidade da Alta Bretaña. Reuniu a súa obra poética en *Amores e clamores* e a súa obra narrativa en *Contos e descontos*.

---

# Calendario de Actividades

## MARZO

3 de marzo

**Presentación do programa. Culturas en diálogo: Lugo - Arxentina.** Museo Etnográfico San Paio de Narla. 12:00 h.

8 de marzo

**Non son d'acó de Do Miolo e Cía. Teatro.** Museo Provincial de Lugo. 17:00 h.

27 de marzo

**Mateada.** Museo Fortaleza San Paio de Narla. 17:30 h.

Todo o mes

**Mulleres de Aquí e Dacolá.** Convocatoria pública

**Concurso: Mulleres a 2 bandas: Lugo - Arxentina.** Convocatoria para Centros Escolares.

## ABRIL

5 de abril

**Exposición fotográfica. Patrimonios a muralla e o tango.** Tango Club Galicia. Museo Etnográfico San Paio de Narla.

12 de abril

**Obradoiro Iniciación ao baile, Baile social máis exhibición de bailaríns profesionais, por Leonardo Mosqueda e Carina Lucca.** Tango Club Galicia. Museo Provincial de Lugo, 19:00 h.

19 de abril

**Mostra de Cine CopyLeft e curtametraxes de Tango. Charla O Tango no Cine.** Tango Club Galicia. Museo do Mar en San Cibrao, 20:00 h.

24 de abril

**Mateada.** Asoc. Rioplatense. Museo Provincial de Lugo. 17:30 h.

26 de abril

**Exposición fotográfica. Patrimonios a muralla e o tango.** Tango Club Galicia. Pazo de Tor.

Todo o mes

**Mulleres de Aquí e Dacolá.** Convocatoria pública

**Concurso: Mulleres a 2 bandas: Lugo - Arxentina.** Convocatoria para Centros Escolares

## MAIO

6 de maio

**Concurso: Mulleres a 2 bandas: Lugo - Arxentina.** Convocatoria para Centros Escolares, data límite da convocatoria.

15 de maio

**Obradoiro para mozos e mozas de 16 a 25 anos: *Novas Tecnoloxías – Vídeo Creación*.** Museo Provincial de Lugo. De 17:30 a 19:30 h. Coordina: Tamara Bermúdez.

17 de maio

**Obradoiro para nenos e nenas de 4 a 9 anos: *Mural en Rede*.** Museo Provincial de Lugo, Museo Provincial do Mar, Museo Etnográfico San Paio de Narla e Pazo de Tor. 12:00 h. Coordina: Tamara Bermúdez.

21 de maio

**Obradoiro para adultos e Club Senior da Rede. *Faladoiros Radiofónicos*.** Museo Provincial de Lugo, Museo Provincial do Mar, Museo Etnográfico San Paio de Narla e Pazo de Tor. 17:30 h. Coordina: Tamara Bermúdez.

**Borges arxentino, universal e amigo de Galicia por Claudio Rodríguez Fer.** Museo Provincial de Lugo. 20:00 h.

23 de maio

**Obradoiro para mozos e mozas de 16 a 25 anos: *Realidade Aumentada*** Museo Provincial de Lugo. 17:30 h. Coordina: Tamara Bermúdez.

29 de maio

**Mateada.** Asoc. Rioplatense. Museo Provincial do Mar. 17:30 h.

Todo o mes

**Mulleres de Aquí e Dacolá.** Convocatoria pública

## XUÑO

7 ao 28 de xuño

**Exposición fotográfica. *Patrimonios a muralla e o tango*.** Tango Club Galicia. Museo Provincial de Lugo, Museo Provincial do Mar, Museo Etnográfico San Paio de Narla e Pazo de Tor.

26 de xuño

**Mateada.** Asoc. Rioplatense. Pazo de Tor. 17:30 h.



## XULLO

1 de xullo

**Inauguración Exposición *Mulleres de Aquí e Dacolá* interpretada por artistas argentinas e lucenses.** Sala de exposicións do Pazo de San Marcos. Asoc. Rioplatenses. 20:00 h.

17 de xullo

**Exposición permanente das obras gañadoras do concurso *Patrimonios. A Muralla e o Tango*.** Tango Club Galicia. *V Encontro Tango Líber*. Sala de exposicións do Pazo de San Marcos. Asoc. Rioplatenses. 20:00 h.

**Mateada.** Asoc. Rioplatense. Museo Etnográfico San Paio de Narla. 17:30 h.

**Clase de *Iniciación ao tango*.** Mestres: Leonardo Mosqueda & Carina Lucca. Tango Club Galicia. *V Encontro Tango Líber*. Museo Provincial de Lugo. 19:00 h.

**Milonga** Musicaliza: Leo Mosqueda. Tango Club Galicia. *V Encontro Tango Líber*. Museo Provincial de Lugo. 20:00 h.

18 de xullo

**Obradoiro Gratuito de TANGO** (todos os niveis): Musicalidade no Tango. Mestres: Leonardo Mosqueda & Carina Lucca. Tango Club Galicia. *V Encontro Tango Líber*. Museo Provincial de Lugo. De 12:00 a 13:00 h.

**Apertura do V Encontro Internacional Tango Líber.** Presentación de personalidades e autoridades. **Grande Milonga de Apertura**

ao *V Encontro Internacional Tango Líber. Orquestra El Cachivache Quinteto.* Presentación de artistas e benvida aos participantes. Tango Club Galicia. Sala de exposicións do Pazo de San Marcos e Xardíns da Deputación de Lugo. 21:00 h

19 de xullo

**Tangoterapia.** Afrontamiento do estrés por medio do Tango. Mestre: Julio Corredoira. Tango Club Galicia. *V Encontro Tango Líber*. Museo Provincial de Lugo. De 12:00 a 13:00 h.

**Obradoiro Gratuito: Didáctico de música.** (Instrumental). Tango Club Galicia. *V Encontro Tango Líber*. Museo Provincial de Lugo. De 17:00 a 18:00 h.

## AGOSTO

21 de agosto

**Mateada.** Asoc. Rioplatense. Pazo de Tor. 17:30 h.

## SETEMBRO

4 de setembro

**Mateada.** Asoc. Rioplatense. Museo Provincial do Mar. 17:30 h.

## OUTUBRO

16 de outubro

**Mateada.** Asoc. Rioplatense.  
Museo Provincial de Lugo. 17:30 h.

## NOVEMBRO

20 de novembro

**Mateada.** Asoc. Rioplatense. Museo  
Fortaleza San Paio de Narla. 17:30 h.

30 de novembro

**Culturas en diálogo a través dos seus  
patrimonios: O Tango e a Muralla.**  
Aniversario da Declaración da Muralla de  
Lugo como Patrimonio da Humanidade. Asoc.  
Rioplatense. Museo Provincial de Lugo. 20:00 h.

## DECEMBRO

18 de decembro

Xornada de **Museoloxía social:  
Inmigración-Emigración.**  
**Mateada** pola Asoc. Rioplatenses.  
Presentación do documental **Mulleres de  
Aquí e Dacolá de Xosé Reigosa.** Museo  
Provincial do Mar. De 10:00 a 18:00 h.

**Coordinación:** Encarna Lago González, xerente  
da Rede Museística Provincial de Lugo

**Documentación *Mulleres de Aquí e Dacolá:***  
Asociación Rioplatensees en Lugo e Pilar Sánchez

**Documental:** Xosé Reigosa

**Obradoiros *Mulleres de Aquí e Dacolá:*** Tamara Bermúdez

**V Encontro Internacional Tango Líber de  
Galicia:** Asoc. Tango Club Galicia.

**Entidades colaboradoras:** Museo Hotel de los  
Inmigrantes de Buenos Aires e MEGA Museo  
de la Emigración Gallega en la Argentina